



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Literatura galega en novos formatos

Materia	Literatura galega en novos formatos			
Código	V01G430V01703			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Dacosta Pérez, Fernando Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Correo-e	manuelforcadela@gmail.com			
Web	<a href="http://https://moovi.uvigo.gal/">http://https://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	A irrupción das novas tecnoloxías e a fusión entre diferentes modos de expresión conducen a literatura a territorio limítrofes onde se confonde con outras artes: plásticas, musicais, escénicas... Nesta materia trátase de encontrar acomodo teórico e erudito a unha produción inxente e en rápida progresión e desenvolvemento.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C2	Capacidade para aplicar os métodos de crítica textual á edición dixital de textos literarios para a produción de textos críticos adecuados ao público ao que van dirixidos.
C3	Coñecemento da evolución das formas, medios e xéneros da creación literaria nas literaturas do grao.
C5	Comprensión e coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria e da teoría e crítica literaria para ter unha visión fundamentada e crítica da creación literaria.
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.
C14	Capacidade para analizar, sintetizar e interpretar un texto en calquera formato con independencia da súa natureza lingüística ou literaria.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Identificar obras realizadas en diferentes medios e formatos.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Nomear obras e autoras e autores que utilizaron diferentes formatos e medios na Literatura Galega	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Recoñecer conceptos como medio, formato, transmedialidad ou intermedialidad.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Distinguir a variedade de formatos existentes nos que se crea literatura galega.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1
Discutir cuestións de carácter teórico que se presentan tras o contacto con estas obras (xénero, clasificación de autores/as, os límites da literatura□).	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Desenvolver unha linguaxe especializada e ferramentas para a interpretación destas obras.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Integrar coñecementos adquiridos noutras materias do ámbito literario e artístico.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Contrastar a recepción destas obras con respecto á literatura canónica galega por parte da sociedade.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Valorar a adquisición dunha sensibilidade artística e interdisciplinaria para a interpretación de obras literarias en novos formatos.	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2

## Contidos

### Tema

Introdución.	Reflexión sobre conceptos de medio ou formato <input type="checkbox"/> · Aprendizaxe de conceptos como intermedialidade e transmedialidade. <input type="checkbox"/> · Debate sobre o concepto de literatura na actualidade.
Literatura na música	· A importancia da oralidade na literatura <input type="checkbox"/> · Das cantigas medievais á actualidade <input type="checkbox"/> · As protestas da canción e a poesía cantada durante a Ditadura: o caso de Voces Ceibes <input type="checkbox"/> Os casos de Amancio Prada e Luís Emilio Batallán <input type="checkbox"/> · Casos de Sés e Cintaadhesiva <input type="checkbox"/> · Slam Poetry, festivais de poesía e loitas de galos no rap.

A literatura nos medios audiovisuais. A poesía do cine e o cine na poesía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>□ · Videopoesía: dende o documental Versogramas ata a análise de diferentes videopoemas (Celia Parra, Iolanda Castaño, Chus Pato, Antón Reixa...)</li> <li>□ · Literatura e cine: o caso d´A Esmorga</li> <li>□ Outros exemplos de cinema galego baseado en obras literarias.</li> <li>□ Corpo Aberto de Ánxeles Huertas baseado en Arraianos de X. L. Méndez Ferrín. E o documental Arraianos de Eloi Sanciso.</li> <li>□ A linguaxe das bolboretas de José Luís Huerta sobre contos do libro Que me queres, amor, de M. Rivas.</li> <li>□ Trece badaladas de Xavier Villaverde sobre a telenovela homónima de Suso de Toro.</li> <li>□ O lapis do carpinteiro de Antón Reixa sobre a novela homónima de M. Rivas.</li> <li>□ Nación de Margarita Ledo Andión</li> </ul>
Literatura no teatro/danza	<p>Concepto e historial de performance. Análise de casos performativos destacados. De Rompente a Rosalía Fernández Rial</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ · Lembranzas dun rapaz: do texto á acción</li> <li>□ · Análise de casos de poesía experimental con danza</li> </ul>
A literatura nas artes plásticas	<p>O concepto de ecfrase e casos paradigmáticos na Literatura Gallega</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>□ · Das Cousas de Castela ao cómic actual. El Comic Poetry de Iolanda Castaño (2018)</li> <li>□ · Caligramas, colaxe e poesía gráfica de Antón Risco</li> <li>□ · Fotopoesía (Xela Arias...)</li> <li>□ A poesía obxectual e o libro de artista de Pepe Cáccamo e Baldo Ramos</li> <li>□ · Poesía e graffiti</li> </ul>
A literatura no mundo dixital	<ul style="list-style-type: none"> <li>□ · Blogs literarios</li> <li>□ · Literatura en redes sociais</li> <li>□ · Literatura e canles de vídeo en liña (Hocus Pocus, Aquel#e...)</li> </ul>
Novos formatos na literatura infantil e xuvenil galega:	<p>Literatura na música: colección Sonárbore de Galaxia.  Literatura nos medios audiovisuais: películas OQO.  Literatura nas artes plásticas: o libro obxecto (libro acordeón, pop-up, libro perforado...)</p>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	52	88
Debate	16	28	44
Resolución de problemas de forma autónoma	0	18	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Cada semana, o docente introducirá o tema e o libro ou libros, xunto cos correspondentes nos novos formatos, que se será obxecto do debate posterior, na seguintes sesións desa semana ou mes.
Debate	A lectura de cada unha das obras do programa será seguida por un debate entre todos os participantes, tanto docentes como discentes.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá realizar exercicios de comentario e disertación sobre artigos e obras complementarias, en función do propio desenvolvemento da docencia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A cargo do docente.
Debate	A cargo de discentes e docentes e, eventualmente, persoas invitadas en función do tema a tratar.
Resolución de problemas de forma autónoma	

## Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Lección maxistral	Haberá unha proba a final de curso sobre a materia impartida ao longo da docencia.	40	A3 A4 A5	B2 B3 B5	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Debate	Terase especial conta da asistencia e participación.	40	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá realizar exercicios de comentario e disertación sobre artigos e obras complementarias, en función do propio desenvolvemento da docencia.	20	A3 A4 A5	B2 B3 B5 B8	C2 C3 C5 C7 C14	D1 D2

### Outros comentarios sobre a Avaliación

No caso do alumnado que se presente a convocatoria única, tanto en primeira como en segunda convocatoria, haberá un exame dividido en dúas partes. Unha primeira, de comprobación de lecturas, e unha segunda, de contidos teóricos e interpretativos, tanto sobre aspectos xerais do programa como sobre asuntos particulares de cada unha das obras lidas e autorías comentadas.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

David Lagmanovich, **EL MICRORRELATO: TEORIA E HISTORIA**, MENOSCUARTO, 2006

Carmen Peña Ardid, **Literatura y cine : una aproximación comparativa**, Cátedra, 1992

Jorge Coli, Marisa Lajolo, J. Jota de Moraes, **O que é Arte, Literatura, Música?**, Círculo de libros, 1990

Magda Polo Pujadas, **EL LIBRO COMO OBRA DE ARTE Y COMO DOCUMENTO ESPECIAL**, 1697-7904, Anales de Documentación, 2011

Marina Ríos, **Literatura y performance: hacia una literatura de acción**, 2014

Taylor, Diana; Marcela, Fuentes (Comps), **Estudios avanzados de Performance**, Fondo de cultura económica, 2011

Speranza, Graciela, **Fuera de campo. Literatura y arte argentinos después de Duchamp**, Anagrama, 2006

Eduardo Blanco Amor, **A Esmorga**, Galaxia,

Xosé Luís Méndez Ferrín, **Arraianos**, Xerais,

Manuel Rivas, **Que me queres, amor?**, Xerais,

Suso de Toro, **Trece Badaladas**, Xerais,

Manuel Rivas, **O lápiz do carpinteiro**, Xerais,

#### Bibliografía Complementaria

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Humanidades dixitais e crítica literaria/V01G430V01702

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A construción do relato da modernidade: A narrativa galega/V01G430V01308

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura: Pensar a literatura/V01G430V01120